

O AUTOR SERÁ O PROTAGONISTA DUNHA SERIE DE ACTOS O PRÓXIMO SÁBADO EN VILALBA

Os escritores homenaxearán na súa terra a Agustín Fernández Paz

O multipremiado autor de 'Cartas de inverno' plantará un bidueiro, a súa árbore favorita, na súa vila natal


REDACCIÓN

GALICIA

cultura@xornaldeg Galicia.com

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que preside Cesáreo Sánchez Iglesias, elixiu este ano a Agustín Fernández Paz como protagonista da homenaxe O escritor na súa terra, cun programa de actos que se desenvolverá o próximo sábado día 20 en Vilalba, localidade natal do escritor. Segundo explicou a AELG esta é "unha celebración múltiple e popular" na que, durante máis dunha década, se recoñeceu a "entidade literaria de insignes figuras" das letras galegas con actos como a entrega da letra E de escritor, a plantación dunha árbore e a colocación dun monolito.

Así, o sábado día 20, ao medio-día, o autor plantará un bidueiro no Parque Agustín Fernández Paz e descubrirá un Monolito Escultórico. Neste acto intervirá o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, e a secretaria xeral da asociación, Mercedes Queixas, ademais do propio autor, que vén de publicar no catálogo de Xerais Lúa do Senegal.



Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) recibiu o Premio Nacional en 2007 por 'O único que queda é o amor'

AGN

A obra, recollida na colección Sopa de Libros, está destinada aos lectores de menos de dez anos e foi ilustrado por Marina Seoane.

Posteriormente, ás 13.00 horas, o Centro Cultural e Recreativo de Vilalba acollerá o acto de entrega da Letra E de escritor, que contará coa participación do alcalde desta localidade, Gerardo Criado.

Finalmente, ás 14.30 horas o Parador de Turismo de Vilalba será o lugar elixido para unha comida de

confraternidade, que estará aberta a todos os socios da AELG.

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) é un coñecido escritor, pedagogo, sociolingüista e especialista en animación á lectura e literatura infantil e xuvenil. Autor de medio centenar de ficcións narrativas de variedade de temáticas, recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil en 2007 polos relatos reunidos no libro O único que queda é o amor.

Autor multipremiado, foi un dos protagonistas da gala de entrega dos últimos premios Xerais, que gañou por partida dupla a escritora e xornalista Rosa Aneiros, colaboradora de Xornal de Galicia. Como mantedor do acto, Fernández Paz fixo unha encendida defensa da lingua. ■

A vindeira semana, en NÓS

Agustín Fernández Paz protagoniza o próximo número do suplemento cultural.